



BOP

XOVES, 11 DE XANEIRO DE 2024

N.º 009

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 26 de setembro de 2023, acordou á aprobación inicial da modificación da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, someteuse o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP. Núm. 229, do 4 de outubro de 2023) para que os interesados puidesen examinar o expediente e presentar as suxestións e reclamacións que estimasen oportunas.

Durante o prazo de información pública non se presentaron suxestións e reclamacións polo que o acordo plenario queda automaticamente elevado a definitivo.

En base ao establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e tendo en conta que transcorreu o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da citada Lei, procedese á publicación íntegra do texto da MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO para a súa entrada en vigor.

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÍNDICE

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Concepto de subvención e ámbito de aplicación

Artigo 3. Réxime Xurídico das subvencións

Artigo 4. Información sobre subvencións na Sede electrónica e o Portal de Goberno Aberto (Portal de transparencia) da Deputación.

Artigo 5. Confidencialidade e protección de datos

CAPÍTULO II. Disposicións comúns

Artigo 6. Principios xerais.

Artigo 7. Requisitos para o outorgamento.

Artigo 8. Órganos competentes para a concesión.

Artigo 9 Beneficiarios. Requisitos e Obrigações.

Artigo 10. Entidades colaboradoras. Concepto e réxime xurídico aplicable

Artigo 11. Publicidade das subvencións concedidas.

Artigo 12. Financiamento das actividades subvencionadas/contía das subvencións

Artigo 13. Réxime xeral de garantías.

CAPÍTULO III. Procedementos de concesión.

Artigo 14. Procedementos de concesión.

Artigo 15. Subvencións plurianuais.

SECCIÓN 1ª. Concesión en réxime de concorrencia competitiva.Artigo 16. Concepto.

Artigo 17. Iniciación

Artigo 18. Criterios de avaliación.

Artigo 19. Solicitudes.

Artigo 20. Instrución.

Artigo 21. Comisión de avaliación.

Artigo 22. Concesión provisional

Artigo 23. Concesión definitiva

Artigo 24. Modificación da resolución.

SECCIÓN 2ª. Concesión directa

Artigo 25. Supostos de concesión directa.

Artigo 26. Subvencións previstas nominativamente no Orzamento.

Artigo 27. Subvencións de concesión directa impostas por normas con rango de lei.

Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

CAPÍTULO IV. Xestión das Subvencións

Artigo 29. Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

CAPÍTULO V. Xustificación das Subvencións

Artigo 30. Regras xerais de xustificación.

Artigo 31. Modalidades de xustificación.

Artigo 32. Prazo de xustificación.

Artigo 33. Gastos subvencionables.

Artigo 34. Comprobación da xustificación e informe.

Artigo 35. Pago da subvención.

CAPÍTULO VI. Reintegro de subvencións

Artigo 36. Causas do reintegro

Artigo 37. Procedemento de reintegro.

Artigo 38. Prescrición

Artigo 39. Devolución a iniciativa do perceptor.

CAPÍTULO VII. Control financeiro de subvencións

Artigo 40. Control financeiro.

CAPÍTULO VIII. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións

Artigo 41. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Artigo 42. Procedemento sancionador.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición Adicional Primeira. Réxime supletorio.

Disposición Adicional Segunda. Subvencións en especie.

Disposición Transitoria. Réxime transitorio dos procedementos.

Disposición Final Primeira: Entrada en vigor

ARTICULADO

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais

Artigo 1. Obxecto.

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico xeral das subvencións a outorgar pola Deputación Provincial de Lugo, é dicir, establece as bases reguladoras da concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial de Lugo, sen prexuízo de que, ao amparo do artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 12 de novembro, Xeral de Subvencións poidan aprobarse Ordenanzas específicas que establezan unhas bases reguladoras de concesión para distintas modalidades de subvencións, en cuxo suposto esta Ordenanza Xeral terá carácter supletorio.

2. A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral deberá estar vinculada a algún dos obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente.

Artigo 2. Concepto de subvención e ámbito de aplicación

1. Enténdese por subvención toda disposición dineraria realizada pola Deputación Provincial de Lugo, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta Ordenanza Xeral os supostos recolleitos no artigo 2.2 (por non considerarse subvencións) e no 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia -ou normativa vixente en materia de subvencións aplicable ás entidades locais das Comunidade de Galicia- e no artigo 2.2.3 e 4 da da Lei 38/2003, do 12 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. A presente Ordenanza Xeral terá carácter supletorio, con respecto á correspondente normativa específica, nos seguintes casos:

- a) Subvencións concedidas ou financiadas con Fondos Europeos ou doutras Administracións Públicas, que se rexerán en primeiro lugar pola normativa ou condicións establecidas pola Administración que financie, totalmente ou parcialmente, a subvención. No caso de que a citada normativa non regule a forma de outorgamento da subvención, resultará de aplicación esta Ordenanza Xeral.
- b) Subvencións impostas en virtude de norma legal.

Artigo 3. Réxime Xurídico das subvencións

As subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo rexeranse polo disposto na normativa que se relaciona a continuación:

- A Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS) e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- A lexislación básica do Estado reguladora da Administración Local (especialmente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) -ou normativa vixente en materia de subvencións aplicable ás entidades locais das Comunidade de Galicia.
- Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, arts. 87 a 89, e Real Decreto 1755/1987, do 26 de decembro, e disposicións concordantes).
- A Ordenanza Xeral Subvencións.
- O Regulamento Orgánico da Deputación.
- As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- Polas restantes normas de dereito administrativo, e na súa falta, polas normas de dereito privado.

Artigo 4. Información sobre subvencións na Sede electrónica e o Portal de Goberno Aberto (Portal de transparencia) da Deputación.

A Sede electrónica da Deputación incluírá entre os seus contidos toda a información relativa aos procedementos de concesión de subvencións que permita tanto o coñecemento previo dos devanditos

procedementos como, polo menos, as fases principais do seu desenvolvemento. En particular, incluíranse en todo caso os seguintes datos e fitos:

- a) A información xeral sobre a subvención, con información extractada, no seu caso, da súa norma reguladora, así como a ligazón á mesma.
- b) Os impresos de solicitude, así como, no seu caso, anexos que se deberán utilizar por parte dos interesados.
- c) A resolución do procedemento, salvo nos casos en que legalmente estea xustificada a exclusión da publicidade dos datos dos adxudicatarios.

Artigo 5. Confidencialidade e protección de datos.

1. Naqueles procedementos de subvencións que afecten a persoas físicas, o tratamento dos datos que se realice por cada un dos órganos xestores deberá cumprir co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, ou normativa vixente de aplicación.

2. A publicación dos actos de concesión de subvencións deberá cumprir coa normativa e instrucións adoptadas polo órgano competente sobre publicación de datos persoais en boletíns e diarios oficiais, na internet, en sitios web institucionais e noutros medios electrónicos e telemáticos.

CAPÍTULO II. Disposicións comúns

Artigo 6. Principios xerais.

1. Con carácter xeral, a xestión das subvencións estará presidida polos seguintes principios:
 - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
2. As subvencións reguladas na presente Ordenanza Xeral posúen carácter voluntario e eventual, son libremente revocables e reducibles en calquera momento, e non son invocables como precedente.
3. Serán nulos os actos de concesión de subvencións que obedezan a mera liberalidade.

Artigo 7. Requisitos para o outorgamento.

Serán requisitos previos para o outorgamento de subvencións:

- a) A competencia do órgano administrativo concedente.
- b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigacións de contido económico que se derivan da concesión da subvención.
- c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos na normativa vixente.
- e) A aprobación do gasto polo órgano competente para iso.

Artigo 8. Órganos competentes para a concesión.

Os órganos competentes para a concesión das subvencións son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento Xeral.

Artigo 9 Beneficiarios. Requisitos e Obrigas.

- Beneficiarios

1. Terá a consideración de beneficiario das subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.
2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro terán igualmente a consideración de beneficiarios.
3. Poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a

aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS e nos artigos 35 e 63 da LSG.

-Requisitos:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións, as persoas físicas ou xurídicas nas que concorran as circunstancias previstas na presente Ordenanza, na convocatoria, acordo de concesión ou convenio, que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorran ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da LSG e nos artigos 11 e 13 da LXS.

-Obrigas:

Os beneficiarios estarán sometidos en todo caso ás obrigacións previstas no artigo 11 da LSG e no artigo 14 da LGS, así como a calquera outras que se prevexan na correspondente convocatoria, acto de concesión ou convenio ou noutra normativa.

Exclusións:

En calquera caso, non poderán obter a condición de beneficiario:

- As persoas ou entidades en quen concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da LSG e no artigo 13.2 da LXS.
- En ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario cando teñan pendentes de xustificación subvencións outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Artigo 10. Entidades colaboradoras. Concepto e réxime xurídico aplicable

Son entidades colaboradoras na xestión de subvencións aquelas que actuando en nome e por conta da Deputación Provincial de Lugo entreguen e distribúan os fondos públicos aos beneficiarios, ou colaboren na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Devanditos fondos, en ningún caso, consideraranse integrantes do seu patrimonio.

O réxime xurídico aplicable ás entidades colaboradoras é o establecido nos artigos 9, 12 -obrigacións- e 13 - convenios de colaboración con entidades colaboradoras- da LSG, e nos artigos 12,13,15 e 16 da LXS.

Artigo 11. Publicidade das subvencións concedidas.

1. O servizo ou centro xestor será o responsable de cumprimentar a información que deba remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións sobre as convocatorias e os actos de concesión recaídos, nos termos do artigo 20 da LGS.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, relativo a publicidade na Base Nacional de Datos de Subvencións, as subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Lugo publicaranse no Portal de Goberno Aberto (Transparencia) da Deputación e, no seu caso, en calquera outro medio que sinale a convocatoria, acto de concesión ou convenio.

2. Dentro do mes seguinte a cada trimestre natural procederase á publicación de todas as subvencións concedidas durante o devandito período, calquera que sexa o procedemento de concesión e a forma de instrumentación. Dita publicación conterá como mínimo os datos establecidos no artigo 30 do RLXS.

Non procederá a publicación da información anterior cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal ou familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, - ou normativa vixente- e fose previsto na convocatoria, acto de concesión ou convenio.

Artigo 12. Financiamento das actividades subvencionadas/contía das subvencións.

1. Con carácter xeral, o orzamento da actividade a subvencionar servirá de referencia para a determinación do importe da subvención, calculándose este como unha porcentaxe do custo da actividade subvencionada.

Con todo, en función da natureza e obxectivos ou fins sociais perseguidos pola subvención, a achega pública poderá consistir nun importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total, nese caso entenderase que queda de conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado, no seu caso, o financiamento público polo importe en que a mesma exceda do custo total da devandita actividade.

2. A actividade subvencionada financiarase con recursos propios do beneficiario no importe ou proporción correspondente cando así se estableza na respectiva convocatoria, acto de concesión ou convenio.

3. As subvencións que se concedan conforme esta Ordenanza Xeral, serán compatibles coa percepción de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera

Administración ou ente público ou privado nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no apartado seguinte.

4. O importe das subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, nin superar os límites de financiamento que, no seu caso, se establezan na respectiva convocatoria, acto de concesión ou convenio.

5. Cando se produza exceso das subvencións percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, o beneficiario deberá reintegrar á Deputación de Lugo o exceso obtido sobre o custe da actividade subvencionada así como os intereses de mora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou a data en que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, aportando o correspondente xustificante de reintegro.

6. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

Artigo 13. Réxime xeral de garantías.

O réxime xeral de garantías aplicable ás subvencións outorgadas pola Deputación de Lugo é o establecido nos artigos 42 a 54 do RLXS ambos inclusive.

CAPÍTULO III. Procedementos de concesión.

Artigo 14. Procedementos de concesión.

1. O procedemento ordinario de concesión de subvencións será o de concorrencia competitiva.

2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente no Orzamento Xeral de Deputación, nos termos recollidos nos convenios ou actos de concesión.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Cando por razón da natureza da actividade para subvencionar ou das características da persoa ou entidade que haxa de executar aquela actividade se dificulte promover a concorrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante acto de concesión motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia, así como a forma en que deberá xustificarse a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, tramitarase o correspondente expediente.

Artigo 15. Subvencións plurianuais.

1. Poderá autorizarse a concesión de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que recaia o acto de concesión.

2. No acto de concesión deberá indicarse a contía total máxima a conceder, así como a súa distribución por anualidades, dentro dos límites fixados no artigo 174 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, atendendo ao momento en que se prevea realizar o gasto derivado das subvencións que se concedan (ao ritmo de execución). A modificación da distribución inicialmente aprobada requirirá a tramitación do correspondente expediente de reaxuste de anualidades.

SECCIÓN 1ª. Concesión en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 16. Concepto.

1. Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento polo cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de avaliación previamente fixados na correspondente convocatoria e conceder, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, as que obtivesen maior avaliación en aplicación dos citados criterios.

Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación no caso de que o crédito consignado na convocatoria sexa suficiente para atender, unha vez finalizado o prazo de presentación, todas as solicitudes que reúnan os requisitos esixidos.

2. Como modalidade específica de concesión en réxime de concorrencia competitiva, a convocatoria poderá prever que a concesión dunha subvención se realice mediante o prorrateo do importe global máximo entre os beneficiarios da subvención mediante a aplicación dos criterios de concesión que se establezan na propia convocatoria. Neste suposto, a convocatoria incluirá, xunto aos criterios de concesión, a predeterminación do

importe máximo que poida corresponder a cada un dos beneficiarios en aplicación dos mencionados criterios, sen que iso xere ningún dereito a favor dos posibles beneficiarios.

Artigo 17. Iniciación

1. O procedemento para a concesión iniciarase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente.

Comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria. A Base de Datos Nacional de Subvencións dará traslado ao Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria para a súa publicación. Así mesmo poderase realizar unha publicación adicional na forma e polos medios que se establezan polo órgano competente para realizar a convocatoria.

2. A convocatoria terá necesariamente o contido establecido no artigo 23.2 LXS e o que se desenvolva no artigo 20.2 da LSG.

3. As convocatorias deberán incluír con carácter xeral modelos normalizados en relación coas solicitudes dos suxeitos interesados, declaracións responsables e demais documentos que deban presentarse xunto coa solicitude, así como en relación coa xustificación da subvención.

4. A convocatoria incluír á contía total máxima destinada ás subvencións.

En caso de concesión de subvencións con contía predeterminada, nos termos previstos no artigo 16.2 desta Ordenanza, a convocatoria incluír á contía total máxima destinada ás subvencións, todo iso en aplicación dos criterios de concesión que se prevexan na mesma convocatoria.

Nestes supostos, deberá obrar no expediente de aprobación da convocatoria un informe do servizo ou centro xestor relativo á predeterminación das contías máximas individualizadas, sen prexuízo das posteriores actuacións de instrución necesarias para a determinación definitiva dos importes a conceder a cada un dos beneficiarios en función do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

Non poderán concederse subvencións por importe superior á contía total máxima fixada na convocatoria sen que previamente se realice unha nova convocatoria.

Excepcionalmente, a convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima, sempre dentro dos créditos dispoñibles, unha contía adicional cuxa aplicación á concesión de subvencións non requira de nova convocatoria sempre que se cumpran as regras do artigo 58.2 da RLXS.

5. A competencia para a aprobación da convocatoria corresponderá a quen se determine nas Bases de Execución do Orzamento e no regulamento Orgánico da Deputación.

Artigo 18. Criterios de avaliación.

1. Cada convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva fixará os criterios obxectivos para o seu outorgamento. Cando se tome en consideración máis dun criterio, deberá precisarse a ponderación relativa atribuída a cada un deles.

2. No suposto de que o procedemento de valoración se articule en varias fases, indicarse igualmente en cal delas se irán aplicando os distintos criterios, así como o limiar mínimo de puntuación esixido ao solicitante para continuar no proceso de avaliación.

3. Cando por razóns debidamente xustificadas non sexa posible precisar a ponderación atribuíble a cada un dos criterios elixidos, se considerará que todos eles teñen o mesmo peso relativo para realizar a valoración das solicitudes.

Artigo 19. Solicitudes.

1. As solicitudes dirixiranse ao Presidente e serán presentadas no prazo e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na propia convocatoria.

Serán admitidas as solicitudes que sexan presentadas directamente no Rexistro Xeral da Deputación onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico.

2. As solicitudes dos suxeitos interesados deberán ir acompañadas dos documentos establecidos en cada convocatoria.

Para subvencións de importe superior a 30.000,00 €, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar cumprir os prazos de pago que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora no momento de presentar a solicitude.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o

fai, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 20. Instrución.

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao órgano que determine a convocatoria, o cal realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de concesión.
2. O órgano instrutor deberá verificar que os solicitantes se atopan na situación que fundamenta a concesión da subvención ou que neles concorren as circunstancias e cúmprense as condicións e requisitos previstos na convocatoria para poder ser beneficiarios.
3. Se como resultado da avaliación non se concedese entre os distintos beneficiarios o importe total previsto na convocatoria, e sempre que esta circunstancia estea contemplada na convocatoria, poderá redistribuírse o importe sobrante entre os beneficiarios sen que iso poida implicar o incumprimento de calquera requisito previsto na normativa legal, nesta Ordenanza Xeral ou na convocatoria.

Artigo 21. Comisión de Avaliación.

1. No relativo á composición deste órgano colexiado estarase ao disposto na correspondente convocatoria.
2. Ao obxecto de facilitar a mellor avaliación das solicitudes, a comisión de avaliación poderá requirir dos solicitantes, a través do órgano instrutor, a ampliación da información contida na solicitude, así como solicitar os informes técnicos que estime necesarios.
3. A comisión, trala avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados na convocatoria, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma e, no seu caso, unha prelación das solicitudes.

Exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación, entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, cando o crédito orzamentario consignado na convocatoria fose suficiente para atender todas as solicitudes.

4. O crédito destinado ás subvencións se prorrateará entre todos os beneficiarios da subvención cando así se dispuxese na respectiva convocatoria, nese caso non se establecerá unha prelación de solicitudes.

Neste suposto a convocatoria deberá establecer a valoración mínima necesaria para acceder á condición de beneficiario.

5. Non obstante o anterior, a convocatoria poderá establecer un procedemento abreviado de concorrencia competitiva nos seguintes supostos:

a) Cando a prelación das solicitudes validamente presentadas e que cumpran os requisitos que se establezan na convocatoria, se faga unicamente en función da súa data de presentación dentro dun prazo limitado, podendo obter a subvención unicamente as que se atopen dentro dos límites de crédito dispoñible na convocatoria e sendo denegadas o resto.

b) Cando o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, unha vez finalizado o prazo de presentación, non sendo necesario establecer unha prelación entre as mesmas.

No procedemento abreviado de concorrencia competitiva non é necesaria a constitución da Comisión de Avaliación xa que a proposta de concesión poderá ser formulada polo órgano instrutor.

Artigo 22. concesión provisional.

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de avaliación, efectuará a proposta de concesión provisional, previa fiscalización, debidamente motivada, que será notificada aos interesados na forma que determine a convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, nese caso a proposta de resolución formulada terá carácter definitivo.

2. Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia e examinadas as alegacións presentadas polos interesados, o órgano instrutor formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación.

Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, esta notificarase aos interesados para que comuniquen a súa aceptación.

A forma e prazo para presentar a aceptación será a que se indique na respectiva convocatoria.

Artigo 23. Concesión definitiva.

1. Unha vez formulada a proposta de concesión definitiva, e de acordo co previsto no artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e, no seu caso, na correspondente convocatoria, o órgano competente establecido na convocatoria resolverá o procedemento.
2. A resolución motivarase de conformidade co que dispoña a convocatoria da subvención debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da concesión que se adopte.
3. O acto de concesión, ademais de conter o solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.
4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.
5. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos suxeitos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.
6. A resolución notificarase na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 24. Modificación da concesión.

1. Unha vez recaído o acto de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos na correspondente convocatoria, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros.
2. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

SECCIÓN 2ª. Concesión directa**Artigo 25. Supostos de concesión directa.**

1. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais da Deputación Provincial.

Enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais da Deputación aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria, concepto e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento e no correspondente Anexo de Subvencións nominativas que se integre no Orzamento Xeral.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Artigo 26. Subvencións previstas nominativamente no Orzamento.

1. O procedemento de concesión destas subvencións iniciarase a instancia de suxeito interesado e tramitarase polo servizo ou centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención

O suxeito interesado, deberán presentar solicitude nos termos previstos no artigo 19 desta Ordenanza Xeral.

2. Iniciado o procedemento, deberá emitirse borrador de convenio canalizador da subvención, suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:

a) A determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.

b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

3. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.

A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación.

Artigo 27. Subvencións de concesión directa impostas por normas con rango de lei.

A concesión directa de subvencións cuxo outorgamento ou contía veña imposto por norma de rango de lei rexerese pola devandita norma e supletoriamente polo establecido nesta Ordenanza.

Cando a Lei que determine o seu outorgamento remítase á formalización dun convenio de entre a entidade concedente e os beneficiarios para canalizar a subvención, devandito convenio deberá ter o contido mínimo do artigo 65.3 do RLXS e axustarse ás previsións contidas na LRXSP.

Ademais, para que sexa esixible o pago das subvencións será necesaria a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do correspondente exercicio.

En todo caso, con carácter previo á concesión deberá emitirse informe polo servizo ou centro xestor sobre adecuación da proposta á normativa que determine o seu outorgamento e someterse a fiscalización da Intervención provincial.

Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

1. Con carácter excepcional, poderán concederse directamente subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. Estas subvencións non poderán superar o limite establecido nas bases de execución do orzamento e/ou no Plan estratéxico de Subvencións vixentes.

3. O procedemento de concesión iníciase a instancia de suxeito interesado.

4. Iniciado o procedemento, deberá emitirse:

- informe suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.

- borrador de convenio canalizador da subvención, suscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:

a) O obxecto da subvención e os seus beneficiarios.

b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

5. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.

A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación.

CAPÍTULO IV. Xestión das Subvencións

Artigo 29. Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

1. Para os efectos desta ordenanza, enténdese que o beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial do proxecto ou actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto, a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización en por si da actividade subvencionada.

2. Os beneficiarios poderán subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e devandito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

- 1) Que o contrato se celebre por escrito.
- 2) Que a celebración do mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respete a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento dos devanditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na Lei Xeral de Subvencións.
2. Que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que devandito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- 1) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- 2) Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

CAPÍTULO V. Xustificación das Subvencións

Artigo 30. Regras xerais de xustificación.

1. A xustificación é un acto obrigatorio do beneficiario da subvención e comporta a acreditación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión.
2. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
3. A xustificación documentarase nalgunha das modalidades establecidas no artigo 31 desta Ordenanza e de conformidade co que se estableza na convocatoria, acto de concesión ou convenio.
4. As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.
5. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos neste título ou a xustificación insuficiente da mesma comportará a perda total ou parcial do dereito ao cobro e, no seu caso, o reintegro nas condicións previstas no Capítulo VI desta Ordenanza Xeral e na LXS.
6. Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, poñerá o seu coñecemento concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección, cao indicación de que a non atención ao requirimento poderá dar lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún anticipo ou pago a conta.

Artigo 31. Modalidades de xustificación.

A xustificación efectuarase na forma establecida na convocatoria, acto de concesión ou convenio, de acordo coas modalidades que se indican a continuación:

1) Conta xustificativa simplificada: Para as subvencións concedidas cuxo importe sexa inferior a 15.000,00 € poderase optar pola conta xustificativa simplificada na respectiva convocatoria, acto de concesión ou convenio, que deberá conter, como mínimo, a seguinte documentación xustificativa:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago, así como os gastos que se afecten á Deputación. No caso de que a subvención se outorgase conforme a un orzamento estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) Un detalle de ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) No seu caso, xustificante de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses de mora derivados dos mesmos.

Na respectiva convocatoria, acto de concesión ou convenio deberán constar as técnicas de mostraxe para comprobar os xustificantes de gasto incorporados na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación, facendo referencia a este artigo, respectando, como mínimo, os límites que se fixan a continuación:

a) Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

b) Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra que polo menos supoña a seguinte porcentaxe en función do número de xustificantes:

- Menor ou igual a 10, 100%.

- Entre 11 e 30, o 50%.

- Superior a 30, o 20%.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25 % do importe da subvención concedida acade o importe total da subvención concedida non será necesario comprobar esta mostraxe.

O prazo para efectuar polo centro xestor da subvención xestora a comprobación dos xustificantes do gasto referidos anteriormente será de seis meses a contar dende a data de finalización do respectivo prazo de xustificación.

2) Conta xustificativa ordinaria: Para as subvencións concedidas por importe igual ou superior a 15.000,00 €.

A conta xustificativa ordinaria presentarase segundo a forma que determine a convocatoria, acto de concesión ou convenio e conterá como mínimo a documentación que neles se determine.

En todo caso, deberá acreditarse polo beneficiario a publicidade que se deu á subvención concedida nos termos que se indique na convocatoria, acto de concesión ou convenio.

Artigo 32. Prazo de xustificación.

1. As subvencións deberanse xustificar no prazo establecido na convocatoria, acto de concesión ou convenio. Con carácter xeral o prazo de xustificación non excederá de tres meses desde a finalización do prazo para a execución da actividade.

2. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación da convocatoria, acto de concesión ou convenio, sempre que os mesmos estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade dos mesmo. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional poderá dar lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter recibido algún

anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións e restante normativa de aplicación.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Artigo 33. Gastos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e realícense no prazo establecido polas diferentes convocatorias, actos de concesión ou convenios.

2. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación da convocatoria, acto de concesión ou convenio, sempre que os mesmos estean vixentes, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade dos mesmo. As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación son os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Son gastos subvencionables os abonados dentro do prazo de execución establecido e ata a finalización do período de xustificación previsto na convocatoria, acto de concesión ou convenio.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Artigo 34. Comprobación da xustificación e informe.

Presentada a conta xustificativa, o centro xestor comprobará a adecuada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención así como a adecuación dos gastos realizados, nos termos establecidos na presente Ordenanza Xeral, así como na correspondente convocatoria, acto de concesión ou convenio.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación da xustificación presentada ou de inicio de expediente de perda do dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, segundo proceda.

Artigo 35. Pago da subvención.

1. O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concede nos termos establecidos na convocatoria, acto de concesión ou convenio.

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 de LXS, aplicándose o procedemento previsto no artigo 42 da mesma norma.

2. Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderán realizarse pagos a conta. Devanditos abonos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán o ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal, (Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio) sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio. En todo caso, estarán exentas da presentación de garantías as entidades locais definidas no artigo 3.1. e 3.2 da LXS.

3. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se ache ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CAPÍTULO VI. Reintegro de subvencións

Artigo 36. Causas do reintegro.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro, ou a data en que o debedor ingrese se é anterior a esta, así como a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención:

- a) No caso de invalidez da resolución de concesión regulada no artigo 32 da LSG e 36 da LXS.
 - b) Nos supostos contemplados no artigo 33 da LSG e artigo 37 da LXS.
 - c) Cando o importe da subvención calcúlese como unha porcentaxe do custo final da actividade ou proxecto e da súa execución resultase unha porcentaxe de financiamento por parte da Deputación superior ao inicialmente previsto, procederase ao reintegro do exceso.
 - d) Cando o importe da subvención calcúlese como unha porcentaxe en función dos resultados obtidos respecto ao obxectivo da actividade ou proxecto e da súa execución e avaliación resultase un resultado inferior ao que se determinou por parte da Deputación na correspondente convocatoria, acto de concesión ou convenio, procederase ao reintegro do exceso en función dos resultados obtidos respecto a os previstos.
 - e) Cando os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios non se aplicaron á actividade subvencionada.
 - f) Aqueles casos que adicionalmente se establezan na respectiva convocatoria, acto de concesión ou convenio.
2. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar será obxecto de ponderación singular conforme ao disposto no artigo 37 da LXS, podendo, no seu caso, proceder ao abono íntegro.

Artigo 37. Procedemento de reintegro.

1. O órgano competente para iniciar o procedemento de reintegro é o órgano concedente da subvención, ben a propia iniciativa, ben como consecuencia de orde superior, a petición razoada doutros órganos, por denuncia ou a solicitude de informe de control financeiro emitido pola Intervención.
2. Na tramitación do procedemento de reintegro garantirase en todo caso o dereito do interesado á audiencia.
3. Unha vez acordado o inicio do procedemento de reintegro, como medida cautelar, poderá ser acordada polo órgano concedente, a iniciativa propia ou a proposta da Intervención Xeral, a suspensión dos libramentos de pago das cantidades pendentes de abonar ao beneficiario sen superar en ningún caso, o importe que fixen a proposta ou o acto de inicio do expediente de reintegro, cos intereses de demora devengados ata aquel momento.

En todo caso, procederá a suspensión se existen indicios racionais que permitan prever a imposibilidade de obter o resarcimento, ou se este pode verse frustrado ou gravemente dificultado e, en especial, se o receptor fai actos de ocultación, gravame ou disposición dos seus bens.

A retención de pagos estará suxeita, en calquera dos supostos anteriores, ao seguinte réxime xurídico:

- a) Debe ser proporcional á finalidade que se pretende conseguir e en ningún caso debe adoptarse se pode producir efectos de difícil ou imposible reparación.
 - b) Debe manterse ata que se dite o acto que pon fin ao expediente de reintegro, e non pode superar o período máximo que se fixe para a súa tramitación, incluídas prórrogas.
 - c) Non obstante o disposto no parágrafo anterior, debe levantarse cando desaparezan as circunstancias que a orixinaron ou cando o interesado propoña a substitución desta medida cautelar pola constitución dunha garantía que se considere suficiente.
4. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acto de inicio do procedemento.
- Se transcorre o prazo para resolver sen que se notificou resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento, sen prexuízo de continuar as actuacións ata a súa terminación e sen que se considere interrompida a prescrición polas actuacións realizadas ata a finalización do citado prazo.
5. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa.
 6. Os obrigados ao reintegro veñen regulados no artigo 36 da LSG e artigo 40 da LXS.

Artigo 38. Prescrición

1. O dereito da Administración para recoñecer ou liquidar o reintegro prescribirá aos catro anos, computándose o prazo:

a) Dende o momento en que venceu o prazo para presentar a xustificación por parte do beneficiario ou entidade colaboradora.

b) Dende o momento da concesión, no suposto de subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

c) No caso de que se estableceron condicións ou obrigacións que debesen ser cumpridas ou mantidas por parte do beneficiario durante un período determinado de tempo, dende o momento en que venceu o devandito prazo.

2. O cómputo do prazo de prescrición interromperase:

a) Por calquera acción da administración, realizada con coñecemento formal do beneficiario, que conduza a determinar a existencia dalgunha das causas de reintegro.

b) Pola interposición de recursos de calquera clase, pola remisión do tanto de culpa á xurisdición penal ou pola presentación de denuncia ante o ministerio fiscal, así como polas actuacións realizadas con coñecemento formal do beneficiario no curso dos devanditos recursos.

c) Por calquera actuación fidedigna do beneficiario conducente á liquidación da subvención ou do reintegro.

Artigo 39. Devolución a iniciativa do perceptor.

1. Cando se produce a devolución voluntaria realizada polo beneficiario, sen o previo requirimento do órgano competente, este adoptará o correspondente acto co cálculo dos intereses de demora producidos ata ese momento.

2. Na convocatoria, acto de concesión ou convenio deberán establecerse os medios dispoñibles para que o beneficiario poida efectuar esta devolución, de conformidade coas instrucións emitidas para o efecto polo órgano competente.

CAPÍTULO VII. Control financeiro de subvencións**Artigo 40. Control financeiro**

1. No Plan de actuacións do control financeiro que se aproba anualmente incluíranse actuacións de control financeiro sobre toda clase de subvencións outorgadas pola Deputación de Lugo, tanto se o seu outorgamento fíxose por medio de concorrencia competitiva coma se fíxose por concesión directa, e mesmo cando esta Ordenanza teña carácter supletorio.

No plan de actuacións mencionado determinarase o alcance do control, o cal principalmente terá como obxecto comprobar o cumprimento por parte dos beneficiarios das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención e no adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

2. A Intervención Xeral efectuará o control financeiro de conformidade co que dispoña a lei xeral de subvencións, o RD 424/2017 e a normativa de auditoría do sector público.

Poderase contratar para esta tarefa, mediante o correspondente expediente de contratación, a colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controis financeiros de subvencións, os cales deberán seguir a metodoloxía utilizada pola propia Intervención.

3. Os beneficiarios e terceiros relacionados co obxecto da subvención ou da súa xustificación estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar a documentación que lles sexa requirida polo persoal que efectúe o control financeiro, o cal terá as facultades seguintes: o libre acceso á documentación obxecto de comprobación, aos locais de negocio e outros establecementos ou lugares onde se desenvolva a actividade subvencionada, á obtención de facturas, documentos equivalentes e calquera outro documento relativo ás operacións subvencionadas, e tamén ao libre acceso á información de contas bancarias relacionadas coas subvencións obxecto de control.

4. As facultades e deberes do persoal controlador, así como o procedemento para o exercicio do control financeiro, serán os previstos na lexislación xeral de subvencións, en concreto, en Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia.

CAPÍTULO VIII. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións**Artigo 41. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.**

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas no Título IV da LSG e serán sancionables mesmo a título de negligencia, e título IV LXS.

2. Serán responsables das infraccións administrativas en materia de subvencións quen teña a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.

3. A competencia para impoñer sancións corresponde aos órganos que teñan atribuída a potestade sancionadora.

Artigo 42. Procedemento sancionador.

É o establecido no Título IV da LSG e Título IV LXS

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición Adicional Primeira. Réxime supletorio.

En todo o non previsto nesta Ordenanza Xeral estarase ás normas sinaladas no artigo 3 da mesma relativo ao réxime xurídico.

Disposición Adicional Segunda. Subvencións en especie.

1. As entregas a título gratuito de bens e dereitos rexeranse pola lexislación patrimonial.

2. Non obstante o anterior, aplicarase a presente Ordenanza Xeral e demais normativa reguladora das subvencións públicas, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servizos cuxa adquisición se realice coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro.

3. Unha vez tramitado o correspondente expediente de concesión de subvencións en especie e acordada a súa concesión, iniciarase o oportuno expediente de contratación da adquisición de que se trate con suxeición e sometemento á normativa aplicable en materia de contratación das Administracións públicas.

O citado inicio de expediente de contratación xustificarse pola concesión da subvención en especie, debendo constar expresamente dita circunstancia na propia proposta/acordo do mencionado expediente de contratación.

Disposición Transitoria. Réxime transitorio dos procedementos.

1. Aos procedementos de concesión de subvencións xa iniciados no momento da entrada en vigor da presente Ordenanza Xeral seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. Para estes efectos o procedemento considérase iniciado dende o momento da aprobación da convocatoria para as subvencións de concorrencia competitiva, e dende o momento en que se adopte o acto de concesión ou se subscriba o convenio para as de concesión directa.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, os procedementos de control financeiro, de reintegro e de revisión de actos, así como o réxime sancionador, previstos nesta Ordenanza Xeral, resultarán de aplicación dende a súa entrada en vigor.

Disposición Final Primeira: Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez se publique integramente no BOP e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da LBRL.

Lugo, (asinado dixitalmente da data que consta no pé de páxina)

Lugo, 8 de xaneiro de 2024.- “O PRESIDENTE,P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón”

R. 0050

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar - Outubro

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 16.11.2023 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2023, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 3 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0028

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar - Novembro

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 18.12.2023 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2023, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 3 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0029

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de decembro de 2023, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2023 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 5º bimestre de 2023 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 12 de xaneiro ao 15 de marzo de 2024. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 0033

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 03 de xaneiro de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de novembro de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 3 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0034

MEIRA*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 4 de xaneiro do 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **5º. bimestre do exercicio 2023**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 4 de xaneiro do 2024 ao 4 de febreiro do 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 4 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0030

MURAS*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2023-0558 ,foi aprobado o PADRÓN SAF- SETEMBRO 2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 6 de novembro de 2023.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0031

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0544, foi aprobado o PADRÓN PAI -SETEMBRO 2023.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 31 de outubro de 2023.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0032

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 26 de Decembro de 2023 o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e a plantilla de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2024, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

O Páramo, 5 de Xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0035

PORTOMARÍN

Anuncio

Conta xeral orzamentaria correspondente ao exercicio de 2.022.

Rendida a conta xeral para o exercicio de 2.022 e dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de 29 de decembro de 2.023, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Portomarín, 4 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0036

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/38497**

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

Nombre del río o corrente: Rego San Cibrao

Caudal solicitado: 25 m³

Punto de emplazamiento: O Carme, en la parroquia de Toiriz (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Pantón (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el Rego San Cibrao mediante una toma fija en el talud protegida por una escollera desde la cual se conducirán las aguas mediante una tubería al depósito contra incendios de 25 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Pantón, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 5 de enero de 2024.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0037

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/40869**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Gaudencio Pérez Pérez

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,113 l/s

Punto de emplazamiento: Campomaior, en la parroquia de Samarugo (Santiago)

Término Municipal y Provincia: Vilalba (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un pozo de barrena 90 m de profundidad desde el que parte la conducción hasta el depósito desde donde se distribuyen a la explotación a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Vilalba, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentran habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 5 de enero de 2024.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 0038

FE DE ERRATAS

Advertido erro no BOP Núm. 298 do día 30 de decembro de 2023, na páxina 163 con núm. de rexistro 4127, en relación anuncio do CONCELLO DE TRABADA:

aprobación definitiva do Orzamento 2024 no resumo por capítulos, o ESTADO DE GASTOS publicouse incompleto

Onde di:**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo 1, Gastos de persoal.....	600.787,73
Capítulo 2, Compra de bens correntes e de servizos.....	485.580,00
Capítulo 3, Gastos financeiros.....	5.857,42
Capítulo 4, Transferencias correntes.....	182.254,43
Capítulo 5, Fondo de continxencia.....	12.120,92
Capítulo 6, Inversións reais.....	424.071,74
Capítulo 7, Transferencias de capital.....	0,00
Capítulo 8, Activos financeiros.....	0,00

Debe dicir:**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo 1, Gastos de persoal.....	600.787,73
Capítulo 2, Compra de bens correntes e de servizos.....	485.580,00
Capítulo 3, Gastos financeiros.....	5.857,42
Capítulo 4, Transferencias correntes.....	182.254,43
Capítulo 5, Fondo de continxencia.....	12.120,92
Capítulo 6, Inversións reais.....	424.071,74
Capítulo 7, Transferencias de capital.....	0,00
Capítulo 8, Activos financeiros.....	0,00
Capítulo 9, Pasivos financeiros.....	19.345,54
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....	1.730,017,78